# ORDENANZA FISCAL 7 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS

## PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola tramitación de licenzas urbanísticas ou a realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza urbanística fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, que se rexerá pola presente Ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

## Artigo 1. Feito impoñible

Constitúe o feito impoñible desta taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, previa ou posterior, necesaria para a tramitación de procedementos derivados de solicitudes de licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación urbanística en vigor (exceptuándose os proxectos de urbanización) ou a presentación de declaracións responsables ou comunicacións previas, onde estas substitúan á solicitude de licenza urbanística.

## Artigo 2. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan propietarios ou posuidores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

En todo caso, terán a condición de substitutos/as de contribuínte, os construtores/as e contratistas das obras.

## Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

## Artigo 4. Beneficios fiscais

1. Establécese unha bonificación do 50% para aquelas obras que teñan lugar en zonas comúns de edificacións construídas con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, que teñan por finalidade exclusiva a eliminación de barreiras arquitectónicas e mellora das condicións de accesibilidade para persoas con minusvalía física, tales como a creación de ramplas, ancheamento de portas, a instalación de ascensores ou elevadores e similares, sempre que as ditas obras cumpran co disposto nesa normativa.

2. Para a concesión desta bonificación esixirase:

a) Solicitude do interesado, á que se lle achegará a documentación na que fundamente o seu dereito.

b) Informe favorable do servizo con competencias urbanísticas.

En todo caso, e en base aos documentos anteriores, informe favorábel do servizo de xestión tributaria e outros ingresos de dereito público.

## Artigo 5. Base impoñible

1. Constitúe a base impoñible da taxa:

   a) O custo real e efectivo da obra, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta, demolición de construcións e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.

   b) A superficie da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e da modificación do uso dos mesmos.

   c) O valor que teñan sinalados os terreos (valor do solo) para os efectos do imposto sobre bens inmobles (IBI), cando se trate de parcelamentos, cun valor mínimo de 15,76 euros por metro cadrado de superficie afectada.

   d) A superficie dos carteis, cando se trate de carteis de propaganda colocados en forma visíbel dende a vía pública.

2. No suposto sinalado na letra a) determinarase a base impoñible en función de :

   a) O orzamento presentado polos interesados sempre que o mesmo for visado polo colexio oficial correspondente cando isto constitúa un requisito preceptivo.

   b) Noutro caso, os módulos sinalados no anexo I da Ordenanza reguladora do imposto sobre construccións, instalacións e obras. O valor así calculado terá en todo caso o carácter de mínimo.

## Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota tributaria, nos supostos 1.a) e c) do artigo anterior, resultará de aplicarlle á base impoñible un tipo de gravame do 1 %.

2. No suposto do apartado 1.b) do artigo anterior, a cota tributaria resultará da aplicación da seguinte escala en función da superficie:

   1) ata 150 $m^2$ .................... 52,30 € por vivenda, local ou instalación.
   2) de 151 a 300$m^2$ ............103,50 € por vivenda, local ou instalación.
   3) de 301 a 600$m^2$ ............207,00 € por vivenda, local ou instalación.
   4) de 601 a 1200$m^2$ ......... 424,90 € por vivenda, local ou instalación.
   5) Por cada 100$m^2$ ou superficie inferior que excedan de 1200 o importe será de 32,68 €.

3. No suposto 1.d) do artigo anterior, a cota tributaria será de 10,90 € por cada 1 $m^2$ de superficie do cartel.

4. Cando da aplicación das regras anteriores non se alcance unha cota tributaria de 32,68 €, esixirase esa cantidade co carácter de mínimo.

5. A presentación dun proxecto de execución ou a modificación dun proxecto básico ou de execución de obras maiores producirá en todo caso unha cota fixa de 190,39 €.

No caso de que o dito proxecto de execución ou de modificación de proxecto básico ou de execución de obras maiores supoña incremento de custo respecto do inicialmente declarado tributará ademais seguindo as directrices do apartado 1º deste artigo.

6. Cando se solicite a prórroga da licenza a cota tributaria, será o resultado de reducir nun 75% o importe satisfeito pola taxa pola tramitación da licenza da que se solicita a prórroga. Esta norma non será aplicable aos supostos tramitados pola vía de declaración responsable e comunicación previa.

## Artigo 7. Devengo

1. Devéngase a taxa cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza que corresponda, se o suxeito pasivo a formula expresamente, ou, no caso de presentación de declaración responsable ou comunicación previa, no momento mesmo en que comece a revisión da documentación achegada polo interesado, entendendo esta no momento en que se dé traslado da documentación ao servizo que corresponda.

2. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún xeito pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante unha vez concedida a licenza. Asimesmo, non resulta tampouco afectada pola ineficacia da declaración responsable ou comunicación previa que no seu caso correspondese debida a incumprimentos, formais ou de requisitos substanciais esixidos pola normativa vixente, imputables ao interesado.

3. Cando a renuncia ou desistencia do contribuínte, respecto da solicitude de licenza ou da actividade mesma declarada responsablemente ou obxecto de comunicación previa, se realice con carácter previo ao inicio das actuacións por parte do Servizo con competencias urbanísticas, determinarase a devolución do 75% do importe da taxa. No caso de iniciarse os citados trámites non procederá devolución ningunha. O estado da tramitación constatarase en base a un informe do citado Servizo con competencias urbanísticas.

## Artigo 8. Normas de xestión

1. A taxa esixirase en réxime de depósito previo do seu importe total, de acordo co exposto no art.26.1.a) do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. Para estes efectos, o depósito satisfarase antes da presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa. No caso de expedientes a instancia de parte, non se iniciará a tramitación de expediente ningún sen que o solicitante acompañe ao proxecto presentado xustificante de ter efectuado o depósito.

2. As persoas interesadas na solicitude dunha licenza urbanística ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa presentarán a correspondente autoliquidación, acompañarán os documentos que acrediten a identidade do contribuínte, a titularidade do inmoble e as actuacións que se levarán a cabo sobre o mesmo, ademais de efectuar o seu ingreso. O prazo de pago en periodo voluntario das autoliquidacións será de cinco días naturais. Así no Rexistro Xeral, presentarán xuntamente coa súa solicitude de licenza, o xustificante bancario do ingreso efectuado.

3. Se despois de formulada a solicitude de licenza ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa se modificase ou ampliase o proxecto, deberá presentarse unha nova autoliquidación, acompañando xustificante bancario do seu ingreso ao novo orzamento ou ao reformado.

4. Cando se trate das obras e actos aos que se refira o artigo 5.1.a), b) e d), o servizo de inspección tributaria poderá comprobar en calquera intre que o orzamento declarado polo solicitante non é inferior ao que resultaría de calcularse en base aos módulos contemplados no anexo I da Ordenanza municipal do imposto sobre construccións, instalacións e obras, así como á superficie da vivenda ou dos carteis no seu caso. Á vista do resultado de tal comprobación, o servizo practicará liquidación pola diferenza entre o valor comprobado e o declarado que procedese no caso de observarse diferenzas entre ambos valores.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante o período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a ultima actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.

3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 31 de xullo de 1999, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión día 28 de outubro de 2013, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, producindo efectos ata a súa modificación ou derrogación.